



OBXECTO

Axudas dirixidas a empresas que teñan por obxecto a creación de novos centros de investigación que complementen a oferta tecnolóxica do ecosistema de I+D de Galicia, enmarcados nas prioridades estratéxicas da RIS3 21-27 de Galicia



BENEFICIARIOS

Calquera empresa, constituída como sociedade mercantil, que desenvolva actividades de investigación nas áreas estratéxicas da RIS3 2021-2027 de Galicia.

Os beneficiarios deberán ter a súa sede social ou un centro de traballo en Galicia.



REQUISITOS

a) Empresa promotora:

Deberá existir no momento da solicitude pero NON o centro de investigación

b) Centro de investigación:

Ubicado en Galicia, con medios e instalacións delimitadas, identificadas e diferenciadas do resto da empresa ANTES de que remate o prazo de xustificación

c) Nova liña de actividade:

As actividades de investigación (TRL1 a 4) deberán constituir unha nova liña de actividade da empresa: iniciarse na investigación ou nova rama científico-tecnolóxica

d) Empregados do centro de investigación:

- Mínimo de 10 empregados a tempo completo
- Adicados exclusivamente a actividades de investigación do novo centro durante os tres anos seguintes á finalización da execución do investimento
- Sen vinculación coa entidade nos 6 meses previos á solicitude

e) Orzamento das propostas:

Mínimo 3.000.000 € - máximo 20.000.000€

f) Vixencia e funcionamento do centro de investigación en Galicia:

Mínimo 5 anos dende a data de finalización do prazo de xustificación da subvención

g) Acceso ás infraestruturas:

As infraestruturas deberán estar abertas a usuarios alleos a empresa e, o acceso, concederáse de forma transparente e non discriminatoria. A empresa promotora do centro poderá beneficiarse de acceso preferente en condicións máis favorables. Publicaranse as tarifas, a prezo de mercado, e horas de funcionamento anual.

h) Non poderá desenvolver actividades non económicas:

aquelas actividades que non consisten na subministración de bens e/ou servizos nun mercado determinado, incluídas as actividades primarias dos organismos de investigación



CUSTOS SUBVENCIONABLES

I. Activos materiais e inmateriais:

a) Adquisición de terreos:

Adquisición dos terreos necesarios para o centro, traídas e conexións de servizos, urbanización e obras exteriores axeitadas ás necesidades



b) Obras civís:

acondicionamento e urbanización, oficinas, laboratorios, almacenamento de materias primas, edificios de produción, edificios de servizos industriais, almacenamento de produtos rematados e demais obras relacionadas co proxecto, realizadas en terreos en propiedade do solicitante, ou sobre os que teña un dereito de superficie ou de explotación similar cunha vixencia mínima de 5 anos



c) Adquisición de edificios ou construcións



d) Bens de equipo

Maquinaria de proceso, instalacións específicas para a actividade subvencionable, equipos e medios de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, medios de protección do medio ambiente e outros bens de equipo.



e) Outros investimentos en inmovilizado material, incluído o mobiliario



f) Activos intanxibles:

non superiores ao 50 % do investimento subvencionable aprobado



g) Custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición e non adquirido con fondos ou axudas públicas na medida en que sexan necesarios para a implantación do novo centro



II. Persoal investigador de nova contratación



Persoal investigador de nova contratación que exceda dos 10 empregados mínimos esixidos na convocatoria, e ata un máximo de 20 traballadores subvencionables.

Apoiarase:



- Salario base e seguridade social a cargo da empresa do primeiro ano de contratación, e sempre que estea dentro do período de execución máximo da convocatoria
- O persoal terá que clasificarse nos grupos de cotización 1 a 5
- Establécense límites de custo máximo subvencionable por cada un deles





INTENSIDADE DA AXUDA



50% de subvención para os investimentos en activos (artigo 26 - Regulamento 651)



Custos salariais do 1º ano de contratación de persoal de nova contratación (a partir do 11º investigador que se incorpore ao centro de nova creación) (artigo 25 - Regulamento 651)

	Pequenas empresas	Medianas empresas	Grandes empresas
Gastos de persoal investigador: investigación industrial	70%	60%	50%
Gastos de persoal investigador para investigación industrial, no caso de que a empresa comprométase a difundir amplamente os resultados da actividade investigadora a través de conferencias, publicacións, bases de libre acceso ou programas informáticos gratuitos ou de fonte aberta:	80%	75%	65%

Máximo de 5.000.000€ por proxecto

Posibilidade de anticipar o 50% de cada anualidade sen garantías, ata un 80% máximo da axuda total



ORZAMENTO

Orzamento (€)

10M€

Prazo de execución de gastos

Desde a solicitude ata
14/09/2025



Organismo xestor:
Axencia Galega de Innovación

Data de publicación DOG:
[05/07/2022](#)

Tipo de apoio:
Axuda a fondo perdido

Presentación de solicitudes:
Ata 05/08/2022

Código do procedemento:
IN853D

Presentación de solicitudes:
sede.xunta.gal

Máis información



881 999 121
981 541 079
881 999 471



servizos.gain@xunta.gal



<http://gain.xunta.gal>



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22